

1984-85

~~V. O. Freixo  
(Xavier R. Batista)~~

DITIRAMBO INTIMO DO BELEN BEGONTINO.

I

Chega o Nadal e a Chaira estrena traxe,  
porque en Begonte surde un monumento  
para leuvar de cote o Nacemento  
e esquece-la xenreira e mailo aldraxe.

Chega o Nadal e midase a paisaxe,  
porque na Chaira hai festa sen lamento,  
e Galicia relouca de contento  
indo cara Begonte en gran romaxe.

Chega o Nadal, dispense o mundo enteiro  
a celebra-la maior data dos anos,  
entre notas de gaitas e pandeiro.

Chega o Nadal e tódolos humanos  
corremos ó Begonte churrusqueiro  
cos corazóns encheitos de galanos.

II

Na Chaira, xunto ó Niño saudoso,  
nunha vila pequena e feiticeira,  
frolece ano tras ano unha roseira  
en lembranza dun feito ben grorioso.

Ten por centro ó Neno garimoso,  
nacido nun pendello sen lareira,  
para salva-lo mundo da laceira

e darlle outro roteiro máis fermoso.

Ten luceiros brillando de cotío  
e ríos de auga clara en verde leito  
a engaiola-las olladas do xentío.

¡Quixerá tela sempre no meu peito  
astrá que vefía a morte co seu fio  
a me facer na terra o cadaleito!

### III

Se queres ve-lo rostro de María,  
achégate a Begonte, peregrino:  
alí vera-lo seu facho divino  
a bfillar nun presebre noite e día.

Alí verás a San Xosé -!bon guía!-  
a labrar con paixón e duro pino,  
alí verás tamén a Xesús níño  
deitado no barrelo da alegria.

Alí vera-los Magos en ringleira  
e os pastores dispostos ó redor  
a botar garebullos na fogueira.

Alí vera-las sombras do solpor  
e a luz dunha alborada relouqueira  
a lle anunciar ó mundo paz e amor.

### IV

Aquí louvo o tesón dos armadanzas,  
cuias mans argallan cada ano o Belén  
para que a Terrachá se parza ben  
á Galilea enchida de esperanzas.

Aquí louvo as sinnelas inquedanzas  
postas nunha obra excelsa sen máis siño  
ca trague-la ronseira do Meniño  
á nosas almas orfas de arelanzas.

Aquí louvo ás xentes que na albada  
se velen a Begonte -chan labrego-  
debaixo a chuvia e maila neve xeada.

Aquí louvo a Xosé Domínguez: !crego  
baril, alma mater dunha alborada  
rebosante de paz e de sosego...!

---oo---

Lema: CRUXOL DE PAZ.